

EXPOSICIÓN PERMANENTES

Exposición de libros cedidos polas editoriais

Entre os mares e mareas de libros sempre está esperando, baixo algunha onda, o libro da nosa vida, aquel que nos arrastra, que nos fai percorrer mundos descoñecidos, que nos cativa: o noso libro. Ven navegar con nós nesta semana dos libros, tócaos, míraos, xoga con eles e descubrirás... un mar de sensacións.

Exposición de ilustradoras e ilustradores

O rato solteiro. OQO

Vai de mar. Galix

O camiño de Anxo. Anxo Fariña

12 ilustracións para 12 libros. Gabriela Rubio

Galiza en Negro e Azul. AS-PG

Xabier P. Docampo, tecedor de contos

Para complementar as historias sen dúbida o aliado ideal é unha boa imaxe. Ven visitar estas exposicións e descubrirás canto dá de si esta mestura ideal.

Exposición de materiais elaborados por alumnas e alumnos

Os materiais das exposicións son o froito dos soños de nenos e nenas. Traballaron arreo para ofrecernos e deleitarnos con cores, formas, tamaños, texturas nas que se recolle un esforzo por contar, eles, a súa pequena historia. A través das súas historias achégannos ao mundo, á súa maneira de ver o noso mundo, por un día. Non deixedes de escoitar todo o que nos teñen que comunicar.

Horario de visitas ás exposicións: durante a semana permanecerán abertas das 10 h ás 14 h para os centros de ensino e das 17 h ás 20 h para o público en xeral.



ilustración: Marta Álvarez | deseño gráfico: Trisquelia | D.L.: PO 21/9-2008

Promove:



Coordina:



Colabora:



Excmo. Concello de Tui

O MAR

SEMANAS DO LIBRO E A LECTURA

TUI'08

DO 18 AO 24 DE MAIO

Biblioteca Municipal de Tui

Inauguración: Domingo 18 ás 12:30 h



XUNTA DE GALICIA

INAUGURACIÓN

Domingo 18 de maio ás 12:30 h

MIGALLAS. *Canta connosco!*

Unha mestura de cancións con accións dramáticas. Os temas que se tratarán son o coidado das mascotas, o consumismo na compra de xoguetes, a lectura como pracer fronte à TV e os videoxogos, a importancia da imaxinación, o xogo do teatro, cancións que axudan a estudar etc.

LOCALIDADES

Calendario'08

Oleiros. Do 30 de marzo ao 5 de abril
INAUGURACIÓN: DOMINGO 30 ÁS 12:00 h

Viveiro. Do 9 ao 15 de abril
INAUGURACIÓN: MÉRCORES 9 ÁS 18:30 h

Carballo. Do 20 ao 26 de abril
INAUGURACIÓN: DOMINGO 20 ÁS 12:30 h

Monforte. Do 4 ao 10 de maio
INAUGURACIÓN: DOMINGO 4 ÁS 12:30 h

Tui. Do 18 ao 24 de maio
INAUGURACIÓN: DOMINGO 18 ÁS 12:30 h

Allariz. Do 5 ao 11 de outubro
INAUGURACIÓN: DOMINGO 5 ÁS 12:30 h

O Porriño. Do 19 ao 25 de outubro
INAUGURACIÓN: DOMINGO 19 ÁS 12:30 h

Moaña. Do 9 ao 15 de novembro
INAUGURACIÓN: DOMINGO 9 ÁS 12:30 h

Noia. do 23 ao 29 de novembro
INAUGURACIÓN: DOMINGO 23 ÁS 12:30 h

Barbadás. Do 18 ao 24 de xaneiro'09
INAUGURACIÓN: DOMINGO 18 ÁS 12:30 h

CLAUSURA

Sábado 24 de maio ás 12:30 h

TÍTERES CASCANUECES.

A Rúa das Pantomas

A casa de María está sendo visitada polas pantomas e ata o mismísimo Demo. Só co enxeño de María e as picardías de Xoanciño lograrán vencelas e desenmascaralas.

ENCONTROS CO ALUMNADO. Todos os días de 9:30 h a 13:30 h

LUNS 19, 1º PRIMARIA

Obradoiro de plástica. **OQO**

O mar é un elemento presente nos poemas que o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2008, Xosé María Álvarez Blázquez, dedicou á súa filla Colorín no poemario O QUE BEN CHE QUER. Neste obradoiro, nenos e nenas achegaranse á poesía a través da plástica, nunha actividade que busca a implicación activa dos máis pequenos no proceso creativo dun poema.

Obradoiro de monicreques. **GALITON**

Nesta actividade fomentárase un clima de comunicación e socialización entre os nenos/as que lles permita expresar emocións, sentimentos, ideas, pensamentos a través dun títere. Temos como obxectivo conseguir que o alumnado funcione con eficacia nunha situación comunicativa. Unha maneira de traballar este obxectivo está na dramatización a través dos títeres.

MARTES 20, 3º PRIMARIA

Obradoiro de danza. **MERCEDES PRIETO**

Embarcamos rumbo a ritmos galegos... ou non? As mareas de Galicia lévannos ao son de diferentes danzas; temos a tarefa de identificar as propias e bailar as doutras culturas. Neste obradoiro aprenderemos as diferenzas ou semellanzas entre a cultura e o baile tradicional galego e outras culturas e danzas do mundo.

Obradoiro de ilustración. **MARISA IRIMIA**

Destacada ilustradora do panorama galego que alén de amosarnos que hai un mar de maneiras coñecidas de ilustrar, demostrará que hai moitas outras co mesmo fin: que o pasemos ben debuxando e que vexamos un novo mundo a través da ilustración.

MÉRCORES 21, INFANTIL

Obradoiro de contos e cantigas. **SERVANDO BARREIRO**

Este obradoiro consistirá primeiramente en fornecer ao neno ou nena unha variada selección de contos

e cantigas, algúns tradicionais e outros de autor, axeitados á súa idade para que mediante a participación nos mesmos e dando outros modelos, se animen a contalos e cantalas de forma diferente, ou mesmo a elaborar outros orixinais, estimulando así a súa imaxinación e creatividade.

Obradoiro de monicreques. **TÍTERES CASCANUECES**

Calquera de nós quixo ser algunha vez outro: disfrazarse dunha personaxe que nos permita dicir e facer máis alá do cotián, como no entroido. Aquí poderedes comezar a desenvolver a vosa expresividade, o que levades oculto dentro e non coñecedes. E tamén o lado máis divertido da interpretación, aquel que nos leva aos territorios da infancia.

XOVES 22, 5º PRIMARIA

Obradoiro de música e romances. **ANTÓN CASTRO**

Neste obradoiro farase un percorrido polo cancionero da música tradicional galega, acompañado con instrumentos de uso cotián, e unha visión do traballo dos cegos no uso dos romances da música de rúa.

Obradoiro de expresión escrita. **LUCÍA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ**

O mar é o espazo onde suceden as cousas, un espazo cheo de seres propios da nosa mitoloxía e persoas tan reais e auténticas como os nosos mariñeiros. Nel fusionárase a nosa historia, a realidade e a ficción, construindo un mundo propio, un mundo diferente e único para cada rapaz e rapaza.

VENRES 23, 1º ESO

Obradoiro de teatro. **CAROLINA RAMOS**

Partiremos dunha historia de base popular para bucear no seu interior: explorar os seus personaxes, improvisar novas historias, representar usando os nosos corpos. En definitiva, todo isto para confirmar que o teatro é, ante todo, un xeito de pasalo ben.

Obradoiro de ilustración. **TOKIO**

Porque debuxar é unha arte, con este distinguido ilustrador navegaremos a través dos debuxos, pescando imaxes que reflicten a esencia do conto, divertíndonos e descubrindo novos mundos.

Actividades concertadas cos centros de ensino

ACTIVIDADES COAS FAMILIAS

Martes 20 de maio. 18:30 h

Animación á lectura desde a casa

Proposta para pais e nais de dinámicas de animación á lectura, a importancia de contarlles contos e lerlles desde as idades máis temperás como forma de estimular a imaxinación e facer animación previa á lectura cos nenos e nenas. Lecturas máis recomendadas segundo as idades.

ACTIVIDADES ABERTAS AO PÚBLICO. A CONTAR!

De luns a venres ás 18:30 h

Luns 19 de maio. Manolo Vázquez, de Berrobambán Teatro

As palabras máxicas para comezar a contar poden ser moi diversas: había unha vez, era que se era... Petaremos na porta da nosa cabeciña para liberar a imaxinación e sulcar os mares de historias que Manolo nos ten preparadas.

Martes 20 de maio. Marisa Irimia

O mar de recordos de cada un sairá a flote nunha sesión onde se mesturan a fantasía, o xogo, a irrealidade e todo coa intención primeira de divertirnos.

Mércores 21 de maio. Servando Barreiro

Este contador e animador demostraranos como os contos, ademais de contalos, se pode cantalos. Só fai falta imaxinación e ganas de pasalo ben. Animádevos a descubrir outro xeito de oír contos.

Xoves 22 de maio. Charo Pita

Charo Pita, unha brionesa nova, narradora e escritora, inspírase para crear os seus contos no mundo que a rodea, empregando “a cabeza e a libreta” para a escritura e “a equipaxe que levamos dentro” na transmisión oral. As historias narradas pretenden entreter e facer pensar, divertir e advertir.

Venres 23 de maio. Chus Ferrín

Desta vez, esta contadora e ilustradora vains demostrar que detrás dun bo conto moi a miúdo hai unha grande imaxe e tamén que con imaxes se poden contar grandes contos. Atrévdevos a vir ver como se debuxan as historias!

ACTIVIDADES PARA O PROFESORADO

De luns a venres de 18:00 a 20:00 h

LUNS 19 DE MAIO. Obradoiro de ilustración. **OQO**

Novas formas de mirar: arte e álbum ilustrado. Neste obradoiro faremos un achegamento á historia e evolución da ilustración para nenos e nenas. Realizaremos unha análise das distintas técnicas e estilos de ilustración (colaxe, acrílico, fotomontaxe, escultura...), así como da narración e das metáforas visuais das imaxes presentes nos libros a partir de ilustracións de distintos libros de OQO. Achegarémonos tamén ao decálogo das funcións da imaxe no álbum ilustrado e veremos como o álbum pode a primeira visión da arte. Cada libro converterase nun pequeno museo.

MARTES 20 DE MAIO. Obradoiro de danza. **MERCEDES PRIETO**

Vai ser unha función de varios contos, uns tradicionais e outros de autor, algún poema e varios cantos acompañados de “instrumentos peculiares”, todo isto dentro dunha única historia. Haberá un apéndice de Romances de Cego, que é outro xeito de contar historias. E propoñémosvos dar uns pasiños de baile...

MÉRCORES 21 DE MAIO. Obradoiro de escritura creativa. **MARTA DACOSTA**

Deixamos voar o noso inxenio e imaxinación permitindo aos nenos e nenas ser os protagonistas das súas historias e fomentando a súa creación artística. Alcanzamos o obxectivo de que sexan eles mesmos os creadores, os que dotan de características, os que dan forma ás persoaxes e ás historias, elaboran os contextos e as realidades...

XOVES 22 DE MAIO. Obradoiro de música. **ANTÓN CASTRO**

A música é unha das artes que máis logra conmovernos. Sentimos as súas emocións desde pequerrechos até que somos moi vellos. Porén, o goce pleno da música non fica acotío ao alcance de todos e todas.

VENRES 23 DE MAIO. Teatro. **CAROLINA RAMOS**

Os obxectivos deste obradoiro son variados pero todos tendentes a facilitar recursos didácticos de utilidade: dinamizar a lectura adquirindo recursos dramáticos, proporcionar ao alumnado unha maior comprensión do lido e sobre todo, potenciar a imaxinación para facer análises completas de obras... e da realidade.

**“PARA INSCRIBIRSE NO CURSO DO PROFESORADO E NOS OBRADOIROS DO ALUMNADO”
AS-PG: informacion@as-pg.com | 981 27 82 59
A matrícula no curso do profesorado será por rigorosa orde de inscrición até cubrir prazas.**

Solicitada a homologación á Consellaría de Educación por 10 horas lectivas